

UNIVERSO DIVERSO

Actividade dirixida a persoas con diversidade funcional.

Dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro vaise poñer en marcha o proxecto **“Universo Diverso”**, orientado a promover unha alternativa de lecer que favoreza a autonomía persoal e social das persoas con diversidade funcional do noso Concello, mediante unha abordaxe integral a través das áreas sensitivo motriz e psicosocial.

Trátase dun programa de autonomía, lecer e tempo libre especializado e dirixido a aquelas persoas que non teñen acceso a un lecer independente debido a unha diversidade funcional que repercute na súa autonomía persoal, limitándoa. Busca ofrecer alternativas de diversión, aprendizaxe e integración social a este colectivo, procurando actividades significativas para a persoa e fomentando así a súa participación nas mesmas. Ademais do goce persoal, festivo e de integración das actividades, busca tamén un enfoque terapéutico e socio educativo. Para elo utilizará o lecer como canalizador do desenvolvemento de capacidades ou aspectos relacionados coa diversidade, tanto a nivel físico, psíquico como sensorial, mediante a combinación de diferentes actividades culturais, sociais, deportivas e medio ambientais dun xeito diferente e divertido. O programa desenvolverá unha abordaxe integral sobre o conxunto dos elementos que constitúen a ocupación, a través das áreas sensitivo - motriz e psicosocial.

Universo Diverso constará de 106 horas de formación e actividades que se repartirán ao longo de 20 xornadas. Desenvolverase todos os sábados a partir do 15 de outubro e ata o mes de decembro no centro social de Boiro, en horario de mañá e tarde. Para máis información poden dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro de martes a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas. Financia a Deputación de A Coruña, executan Concello de Boiro e Senes Desenvolvemento Comunitario.

Boiro, 11 outubro 2016